



ACTA DO SORTEO CELEBRADO NA XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO PARA DIRIMIR O EMPATE ENTRE ASPIRANTES ADMITIDOS NO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN A PÉ NA MODALIDADE DE OURIZO PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DA GUARDA

Lugar de celebración: Sala C, 4º andar do edificio administrativo da Xunta de Galicia. Torre 1. Rúa Concepción Arenal, 8. 36201 Vigo.

Data: 25 de xaneiro de 2023

Hora: 10:00 h, en única convocatoria.

Asistentes:

Representando á Consellería do Mar:

- Luís Rodríguez González (Xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro, que actúa como presidente do sorteo).
- Enrique Bao Costas (Xefe de Negociado).

Asistiron ao acto ademais, as seguintes 2 persoas que foran convocadas mediante Comunicación do 17 de xaneiro de 2023 da Xefatura Territorial de Vigo:

- Adrover González, Pablo (**7001**)
- Pérez Estévez, Diego (**7175**)

Efectúase este sorteo para dirimir o empate producido, en concordancia co disposto no punto 5 do Anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para a valoración das solicitudes para obter o permiso de explotación a pé para recursos específicos, na data, hora e lugar sinalados enriba, en única convocatoria. O sorteo celebrouse coa presenza das persoas indicadas en representación da Consellería do Mar, e das persoas aspirantes citadas.

Desenvolvemento do sorteo:

En primeiro lugar asignouse a cada aspirante un número de bóla seguindo a orde alfabética, do seguinte xeito:

Número de bóla	Apelidos e Nome	NIF
1	ADROVER GONZÁLEZ, PABLO	**7001**
2	PÉREZ ESTÉVEZ, DIEGO	**7175**

Posteriormente, as bólas introducíronse nun saco e procedeuse a sacalas aleatoriamente do seu interior. Colocáronse por orde da saída sobre unha táboa de bingó e a súa vez anotáronse no borrador da acta, xunto co nome correspondente ao número de bóla.

Este procedemento foi explicado previamente ás persoas asistentes, que indicaron que comprenderon o proceso e estaban de acordo.

A orde de extracción das bólas na celebración deste sorteo foi a seguinte (2 persoas empatadas con 7,00 puntos):



ORDE DE POSTO	Apelidos e Nome	NIF
1º	ADROVER GONZÁLEZ, PABLO	***7001**
2º	PÉREZ ESTÉVEZ, DIEGO	***7175**

Vigo, 25 de xaneiro de 2023

O Secretario

Enrique Bao Costas

Visto e prace

O presidente

Luís Rodríguez González

